



► AUTOENTREVISTA

## HÉCTOR FRANCESCH

A Coruña, 1977, autodidacta, 1,63cm de altura e 57 kilos de peso, xa saben: home pequeno, fol de veneno. Ademais da pintura, traballa coa serigrafía e o deseño gráfico. As exposicións individuais e colectivas, a selección, os premios e adquisición de obra en concursos de artes plásticas e deseño gráfico, a súa presenza en coleccións como Caixanova, Fundación CIEC, xunto co seu traballo con galerías como Trama de Madrid avalan o seu traballo. Neste momento prepara unha exposición individual en Barcelona.



▲ Acaba de pasar unha tempada vivindo e traballando no Centro de Arte Piramidón, en Barcelona, toda unha experiencia persoal e profesional. De alí, e despois de facer unha paradia en Nova York, regresa coas pilas renovadas e con ganas de darlle kilómetros á brocha.

**P- Bos días HF, como anda?**

R- Coas pernas.

**P- Un pracer falar con vostede e compartir estes minutos.**

R- O mesmo digo.

**P- E logo, que "pinta" na pintura?**

R- Pois iso me pregunto moitas veces, creo que estou na pintura sen querer. Nun test psicolóxico que me fixeron na escola de pequeno puxen que quería ser policía, e axiña o profesor quixo falar co meu pai. Xa ve, agora levo uns cantos anos adicados exclusivamente a pintar, e aquí sigo, coa pistola cargada.

**P- Así que poli, eh? Con cantos malos se topou na vida?**

R- Non podo negar que, no que á pintura se refire, tiveron moita sorte, aínda que sempre estiveron só ante o perigo. Aprendes dos acertos e tamén dos teus propios erros, ¿ou non lembra cando tivemos retidas a esas señoras dunha galería madrileña durante todo un día para que nos pagasen o que nos correspondía? Por sorte hoxe as cousas son ben distintas, teño claro o que quero e o que podo ofrecer, aínda que o mar segue cheo de piratas...

**P- É dura a vida de pintor...**

Como todo, ten a súa parte boa e a mala. O mellor é a Liberdade, sen dúbida, entendida como a posibilidade de poder contar o que che peta, sen reparos, fiel a ti mesmo, xa estes na Coruña, en Barcelona, en Londres ou en Berlín. Tamén ten un alto prezo, a Soidade, que é moita.

**P- Fala de Barcelona, que tal lle foi por alí?**

R- Moi ben, fixen moi bos amigos, ademais estiven nun estudio nunha planta 14 dende o que avistaba toda Barcelona, podías ubicarte perfectamente, alí traballábase moi a gusto e o ambiente da cidade motiva.

Voltarei despois do verán, para facer unha exposición individual.

**P- Daquela agora está a traballar niso?**

R- Si, estou preparando a exposición de Barcelona, pero tamén teño outra en Santiago, e a iso estamos, pelexándonos con cadros de tres metros, e, por suposto, sigo facendo os meus piniños como deseñador gráfico. De todo isto teredes máis novas na miña web [www.hectorfrancesch.com](http://www.hectorfrancesch.com). →



◀ O acrílico sobre lenzo *Metrobus* pertence á súa serie *Puro e duro* dos anos 2005 e 2006.

▼ Os seus amados clicks de Famobil están representados neste *Retrato ecuestre*, un acrílico sobre lenzo de grande tamaño que data do ano 2005.



→ **P- E en canto á súa obra?**

R- Os temas búscos nas miñas vivencias, nas cousas que máis me gustan. Hai tres anos incluí os *clicks* de Famobil coma personaxes para contar diferentes historias; a día de hoxe, os *clicks* seguen aparecendo, pero estou a tocar temas que non tocara antes, como a morte, a supervivencia, e intento ir cada vez máis alá, buscando que a obra fale moito máis e que non sexa unha peza meramente estética.

En canto á técnica, interésame a gráfica, o deseño, a serigrafía, facer de xeito manual o que poda parecer industrial. A miña cámara de fotos e o meu Mac son ferramentas básicas para facer o que me gusta e me interesa; son un medio, non un fin, xa sabe vostede que son moi mal fotógrafo, pero estamos no século XXI.

**P- Foi vostede seleccionado en diferentes concursos de pintura, que adquiriron a súa obra e premiárono nalgún deles. Como ve o traballo que están a facer as Institucións no que se refire á promoción da arte?**

R- O traballo das Institucións sempre é pouco, hai concursos que non deixan de ser eventos nos que un artista leva un premio e os trinta restantes ceden gratis

a súa obra para que dita institución poida dicir o bos que son, e canto promocionan a cultura.

Non se trata de enfrontar aos artistas e facelos competir senón de xuntalos. Hai moita competencia e pouco traballo en equipo, como xa lle dixen traballamos sós, polo que traballar conxuntamente e ter experiencias con outros artistas é moi enriquecedor ademais de divertido.

**P- Ou sexa, que a cousa non é doada?**

R- Podo asegurarlle que non. Hai unha cousa fundamental no mundo da pintura, que é o que ti lle ofreces a ela, o amor que sintes por ela; doutra banda, están as posibilidades e os medios que ten cada un. A vida é un cúmulo de circunstancias e a arte non vai ser menos. Hai que poñer toda a carne no asador. En definitiva, o sangue ten que correr polas veas!

**P- Ben, espero que a entrevista fose do seu agrado, sempre quedarán cousas por dicir, pero o certo é que vostede é artista, non xornalista.**

R- Exactamente.

**P- Moitas grazas de novo. Deséxolle o mellor.**

R- Be water... my friend.

*Emprego as etiquetas do Cola-Cao, os contrastes urbanos ou mesmo os clicks de Famobil como personaxes para contar diferentes historias. De todos eles gústame sacar a máxima plasticidade, ademais do imposible ou inesperado, buscando así unha maior forza conceptual.*



▲ No seu estudio amoréanse as obras máis recentes. Acrílicos sobre lenzo coma *Demo*, *Viva o rei*, ou *Mr Death*, todos eles pintados no 2007.

▲ Na foto de abaixo pódese albiscar unha das magníficas pezas de grande formato -120x300 cm- na que traballa actualmente.

